

# PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

---



## TÍTULO IV MODELO DE XESTIÓN

1. MODELO
2. ESTRATEXIAS
3. A SENDA DOS FAROS





# PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



## TÍTULO IV

### CAPÍTULO 1

Modelo









1.	UN INSTRUMENTO NECESARIO.....	4
2.	ALCANCE .....	4
	2.1. Obxectivo e determinacións .....	4
	2.2. Funcións.....	4
	2.3. Percepción e paisaxe .....	5
	2.4. Clasificación .....	5
	2.5. Xestión coordinada e dinámica .....	6
3.	XESTIÓN .....	6
	3.1. Ámbito de xestión.....	6
	3.2. Aplicación.....	7
4.	METODOLOXÍA E MODELO TERRITORIAL.....	8
	4.1. Estrutura.....	8
	4.2. Documentación .....	9
	4.3. Interpretación .....	9
5.	AS ÁREAS .....	10
	5.1. Áreas continuas .....	13
	5.2. Áreas descontinuas.....	14
6.	OS ASENTAMENTOS.....	16
7.	OS SISTEMAS XERAIS TERRITORIAIS.....	17
8.	A XESTIÓN .....	17
	8.1. Relación coa ordenación vixente .....	18
	8.2. Normas xerais para os desenvolvementos urbanísticos.....	18
9.	CONCLUSIÓN.....	20

## 1. UN INSTRUMENTO NECESARIO

Tal e como se expresou nos Títulos precedentes son múltiples os motivos polos cales o Plan de ordenación do territorio é un documento necesario e inaprazable:

- O marco xurídico vixente esixe a realización dun Plan territorial integrado co obxectivo de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral fundamentada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.
- A análise realizada entre o panel de expertos indica a necesidade de establecer un Modelo territorial coherente que posibilite o desenvolvemento sostible do litoral e que asegure ao mesmo tempo o mantemento dos seus valores e espazos identitarios.
- A Comisión parlamentaria creada para o seguimento deste Plan reforza a idoneidade da súa posta en funcionamento como mecanismo para dirixir e ordenar os procesos existentes no litoral e preservar os seus valores.
- Galicia é a última rexión do Espazo Atlántico en se sumar á planificación territorial e protección do seu litoral.
- As análises efectuadas poñen de manifesto que o crecemento sen límites xera disfuncións e perturbacións no sistema ecolóxico, así como no modelo de organización do territorio.
- A personalidade do territorio galego na faixa costeira continental vénlle da combinación dos seus caracteres topográficos e climáticos engadidos a un peculiar tipo de ocupación humana que construíu no transcurso de séculos, tal e como vimos, unha gran variedade de paisaxes litorais. Estas paisaxes son un dos maiores atractivos turísticos de Galicia e atópanse, nalgúns casos, inmersos en procesos de degradación ambiental e paisaxística.
- A continuación do modelo existente pode supor un menoscabo dos valores característicos do litoral, posto que supón a antropización de elementos singulares e fráxiles.

**O POL é, polo tanto, un documento necesario e inaprazable para a consecución dun marco normativo estable que protexa de forma efectiva o litoral da Comunidade Autónoma.**



Betanzos.  
Golfo Ártabro

## 2. ALCANCE

### 2.1. OBXECTIVO E DETERMINACIÓNS

Tal e como se explicou no Título I, Capítulo 1, dedicado ao Marco xurídico, segundo a Lei 6/2007 o obxectivo do POL é “establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral fundamentada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras” (art. 2.1). O Acordo do Consello da Xunta de 24 de maio de 2007, polo que se toma o acordo do comezo do procedemento de elaboración do POL, reitera ese obxectivo que, en rigor, son dous:

- Establecer un marco de referencia para a ordenación urbanística (“a ordenación urbanística da zona litoral”) mediante un conxunto de “criterios, principios e normas xerais”.
- Aprobar a normativa de conservación, protección e valorización das zonas costeiras.**

Para a consecución destes obxectivos cómpre o establecemento dun novo Modelo territorial que:

- Identifique e caracterice as distintas áreas e elementos dentro do ámbito de xestión.
- Estableza as relacións entre eles.
- Determine os criterios, principios e normas xerais para cada un destes elementos.
- Concrete o réxime de usos dos ámbitos con valores recoñecidos.

### 2.2. FUNCIÓNS

Neste contexto, e tras a análise exhaustiva do territorio e da paisaxe realizada, configúrase o Modelo territorial do POL conforme aos obxectivos e determinacións descritos no Título I deste Plan e establécense as seguintes funcións integradas nos seus propios obxectivos:

- A concreción do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerando no seu conxunto o litoral** como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido desde unha perspectiva integral, dentro da política de desenvolvemento sostible.
- A protección e conservación dos recursos naturais do litoral**, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
- Sinalar aqueles **ecosistemas litorais e as unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas**, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifiquen a súa conservación e protección.
- A **protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral** a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.
- Fixar os criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros** da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación racional dos usos do solo fundamentada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade.
- Elaborar unha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular os usos e actividades localizados no litoral**, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais ou culturais.
- Establecer un **marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas**, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral.
- Lograr unha **óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas** entre as administracións que interveñen sobre o litoral e a súa contorna terrestre (estatal, autonómica e local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor.
- Constituír a **base para a elaboración dun Programa coordinado de actuación do espazo litoral** e a proposta de actuacións para a conservación, restauración e valorización dos ecosistemas e a paisaxe.

**Para isto traballamos desde o convencemento de que protexer non é só prohibir, senón que consiste en xestionar un territorio, ordenando os seus usos atendendo á súa configuración natural e antrópica, así como aos seus procesos e dinámicas.**

### 2.3. PERCEPCIÓN E PAISAXE

Como xa se expuxo ao longo desta Memoria e máis polo miúdo no Título dedicado á paisaxe, hai unha estreita relación entre formación e percepción. É por isto que o POL se configura como un elemento co que sacar á luz a información sobre o territorio e os seus valores existentes. De tal xeito que esta “información” se converta en “formación” e, polo tanto, nun elemento de reflexión e motivación de cara á valoración paisaxística e á consecución dos seus obxectivos.

Deste modo, trátase de establecer as directrices para o desenvolvemento das actividades e procesos froito das constantes transformacións socioeconómicas da nosa sociedade de tal xeito que todos teñan acollida no territorio sen que isto supoña unha perda dos nosos valores patrimoniais (naturais ou culturais). O resultado destes procesos reflíctese na imaxe que temos do territorio, esa imaxe tal e como a percibimos configura a paisaxe. Se queremos mellorar a calidade das nosas paisaxes, deberemos, polo tanto, impulsar un cambio na maneira na que estes se transforman.

Tamén vimos ao longo do documento que **a paisaxe constitúe, á fin e ao cabo, a proxección cultural dunha sociedade nun espazo determinado.** Podemos recoñecer deste xeito a súa dimensión física, de carácter material e a súa dimensión perceptiva, de carácter inmaterial, cultural.

Queremos deixar claro que non se trata, na xestión da paisaxe, dunha cuestión puramente subxectiva, do que semella ben ou mal, senón que esta percepción se forxa coa mirada. Así, unha mirada iniciada en cuestións botánicas é capaz de apreciar uns valores, outra iniciada na arte, outros distintos, e así entre todos comprender o territorio no seu conxunto.

**Este é o motivo polo cal o POL xorde da reflexión e o compromiso por realizar unha política activa de xestión da paisaxe tal e como se define no artigo 5 da Lei 7/2008 de 7 de xullo de Protección da paisaxe de Galicia.**

Deste xeito, ademais dos obxectivos e dos contidos que lle son propios, establecidos na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o POL, de conformidade cos artigos 2.2.d e 5.2 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia integra plenamente a protección, xestión e ordenación da paisaxe, na ordenación territorial mediante as unidades de paisaxe identificadas. Así, **as determinacións que establezan os Catálogos de paisaxe litoral, e as Directrices de paisaxe que o desenvolvan, integranse como un marco complementario deste Plan,** en canto que son os instrumentos previstos na Lei 7/2008 para asegurar unha adecuada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

O POL será, desde o punto de vista técnico, a base documental e metodolóxica para a realización dos primeiros Catálogos de paisaxe de Galicia. Así, os contidos das Fichas das unidades de paisaxe que non se cubriron durante a tramitación do POL, o seu contido, incluso a súa propia delimitación, abordaranse durante a elaboración dos Catálogos cunha metodoloxía homoxénea. Non podemos dudar, non obstante, de que o traballo realizado serviu para avanzar estes instrumentos e para contar cunha importante e sólida base cartográfica e documental.

**O importante é que ao final deste camiño se conseguirá un marco xurídico estable para atinxir a xestión territorial no litoral de Galicia.** Algo que esperamos se produza coa coordinación das distintas administracións

e a colaboración e o apoio da cidadanía e dos grupos sociais. Todo isto sucederá tras a tramitación deste documento de carácter territorial, ambiental e paisaxístico, situando, deste modo, a xestión do territorio no eixe da Gobernanza do litoral.

### 2.4. CLASIFICACIÓN

**É importante destacar que o POL non clasifica nin cualifica solo, pero, porén, si que presenta unha documentación integrada de cara á valoración territorial, ambiental e paisaxística, establecendo distintos ámbitos, así como os criterios e normas que teñen que rexer neles co fin de que a ordenación municipal estableza o seu modelo de desenvolvemento no seu marco de maneira inequívoca.**

Desta maneira, dótase non só de seguridade xurídica o proceso de elaboración da ordenación, senón que tamén se asegura a salvagarda dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e patrimoniais, así como un uso racional e sostible do territorio. Froito da metodoloxía seguida, o POL convértese no marco das políticas públicas de escala local ou supramunicipal con incidencia no territorio, co obxectivo de realizar un uso máis coherente e sostible do espazo litoral e facilitar deste modo a mellora da calidade de vida das súas poboacións e visitantes.

Para iso é necesario establecer “as regras do xogo” dunha colaboración harmónica entre os sistemas naturais e as actuacións de carácter humano. De tal xeito que a necesaria implantación de usos e actividades neste territorio, por outra parte complexo e activo, se realice atendendo ao interese xeral e valorando todos e cada un dos elementos analizados neste documento por igual.

No momento da súa adaptación ao POL, a ordenación urbanística, polo tanto, clasificará os solos conforme á lexislación urbanística e aos criterios para a súa delimitación e desenvolvemento contidos neste Plan.

Tamén debe quedar claro que posto que a clasificación do solo como urbano e núcleo rural é unha cuestión taxada en función dunha serie de supostos establecidos na lexislación urbanística, a clasificación nestas categorías pode producirse en calquera ámbito do POL alí onde concorran estes requisitos. Porén, unha cousa é a clasificación e outra é a cualificación, é dicir, a intensidade e o uso que se confira a ese ámbito. Aí é onde en función do ámbito do POL no que se sitúe o solo rexerán uns ou outros criterios.

**A ordenación urbanística determina os seus ámbitos de desenvolvemento e crecemento conforme aos parámetros establecidos na lexislación vixente en atención a uns obxectivos propios. Coa aprobación do POL estes obxectivos deben estar en sintonía cos fixados polo POL desde unha escala territorial.**

É importante deixar claros estes aspectos ao redor da clasificación e a cualificación do solo, porque durante o período de información pública púidose verificar que se trataba dunha cuestión incomprendida. Queda claro, polo tanto, que o POL non clasifica solo, isto farao o planeamento urbanístico. Asume, e así queda cartografado nas series de planos denominadas Modelo de xestión, o planeamento vixente no momento da súa aprobación. Isto non significa que unha vez que o planeamento se modifique, revise ou adapte ao POL non poida, conforme á lexislación vixente e ao propio POL clasificar o solo.

Unha reflexión á parte merecen os núcleos rurais próximos á costa. O POL estuda os asentamentos existentes no territorio litoral de Galicia, como xa vimos, caracterizándoos segundo a súa orixe e desenvolvemento en fundacionais, periféricos, funcionais, agregados urbanos e novas agrupacións.

Hai que destacar a fragmentación dos asentamentos en Galicia, con máis de 30.000 entidades de poboación que supoñen case a metade de todos os asentamentos españois; é un dos seus trazos máis singulares. A dispersión



no territorio ten a súa orixe nunha lóxica de rentabilización agraria do territorio, cunha vinculación moi directa a el, o cal, cunha intensa parcelación minifundista, propiciaba o pequeno asentamento ao redor dun enclave pesqueiro ou ao redor dunhas agras, dándose nestes lugares, sen dúbida sen a urbanización propia do feito máis urbano, as relacións sociais propias do urbano, e así o planeamento en Galicia identificouno como unha clase de solo específica, como o é a de núcleo rural. O núcleo rural presenta unha consolidación pola edificación fixada pola lexislación urbanística como aquela susceptible de clasificarse como solo urbano.

A lei de costas, na súa exposición de motivos, no marco do respecto aos dereitos legalmente adquiridos, declara que as disposicións sobre a servidume de protección e de influencia non se aplicarán nos ámbitos xa urbanizados, nos que se consolidaron os dereitos de aproveitamento, é dicir, nas zonas urbanas ou urbanizables con estas características.

Aqueles núcleos que existisen á entrada en vigor da Lei de Costas, deberían entenderse por esta como posuidores das condicións nas que a Lei fai prevalecer unha situación de facto, sobre a protección do dominio público marítimo terrestre e consecuente con este recoñecemento desa prevalencia, reducindo a anchura da súa zona de servidume de protección.

Esta cuestión foi especialmente conflitiva en Galicia, que, ben porque moitos dos seus municipios non contaban cos instrumentos de planificación necesario, ben porque algúns dos seus núcleos non ostentaban a clasificación ou o recoñecemento esixido pola lexislación estatal de costas, aínda a día de hoxe presenta problemas xurídicos para poder defendelo.

A cuestión da clasificación non é competencia do POL. Porén, desde o POL si se atende esta conxuntura dalgúns núcleos do litoral da comunidade autónoma e por iso se recoñecen como NIL, núcleos fundacionais con independencia de que estes estean ou non recollidos pola planificación municipal e presenten na actualidade discrepancia co DPMT. Do mesmo modo o carácter dinámico do artigo 3 do POL fai que calquera alteración ou recoñecemento polo planeamento municipal desta realidade sexa “absorbida” polo POL.

## 2.5. XESTIÓN COORDINADA E DINÁMICA

O patrimonio territorial, recoñecido como recurso natural, cultural e económico, así como a memoria viva dun pobo, é inmenso e ten múltiples manifestacións tanxibles e intanxibles. É un elemento de identidade que favorece a cohesión social e constitúe un activo para o desenvolvemento e a calidade de vida, ademais de colaborar á construción dunha contorna global máis comprometida e coordinada. Porén, ao mesmo tempo, trátase dun recurso fráxil e non renovable que require iniciativas para a súa xestión, salvagarda e mellora.

Se ben é verdade que na historia recente europea o recoñecemento e valorización deste patrimonio tivo os seus inicios nunha normativa conservacionista e proteccionista, a diversidade das transformacións e dos procesos, así como a complexidade e multiplicidade de variables que hai que ter en conta en cada territorio fixo que en toda Europa estas tendencias evolucionasen cara a políticas con ordenacións máis amplas, incorporando a xestión como ferramenta e obxectivo mesmo da ordenación territorial.

**Polo tanto, a extensión, diversidade e complexidade do litoral de Galicia fan necesario unha aproximación progresiva ao modelo de organización territorial, así como aos seus valores para poder deste modo protexelo, ordenalo e xestionalo.**

Poderíamos dicir que o POL é tan só unha peza máis, un elo, que precisa da transposición dos seus criterios e directrices ao modelo proposto polos distintos plans urbanísticos dos municipios costeiros, ás distintas

políticas e plans sectoriais, co fin de alcanzar os seus obxectivos. O POL convértese así nun instrumento imprescindible para alcanzar o necesario equilibrio entre a localización das poboacións e as actividades no territorio e a súa efectiva protección para lograr un desenvolvemento sostible. Desta maneira resulta un instrumento que se espera sexa o suficientemente eficaz para colaborar na redacción das novas ordenacións urbanísticas e supoña unha reorientación dos modelos de emprego do territorio e dos recursos naturais no ámbito litoral, parte fundamental do patrimonio e identidade rexional.

**O POL pretende conseguir unha protección e ordenación da paisaxe litoral mediante unha xestión dinámica. Trátase, como se dixo con anterioridade, dunha nova cultura do territorio que se actualiza cada día. É un documento que se debe reafirmar con cada acción que o desenvolva, con cada plan que se adapta a el. É un Plan de gobernanza do litoral.**

## 3. XESTIÓN

### 3.1. ÁMBITO DE XESTIÓN

Tal e como vimos no Título II deste Plan, a extensión e diversidade das paisaxes da costa de Galicia aconsella caracterizar e acoutar escalas diferentes de aproximación ao territorio e á paisaxe para así poder establecer mecanismos para a súa ordenación, protección e xestión.

Para a elaboración do POL, tal e como se estableceu no Título II relativo á paisaxe, delimitouse un ámbito de estudo fundamentado na análise das conchas vertentes que se axustou posteriormente para definir o **ámbito de xestión** circunscrito aos 82 municipios recollidos no acordo de Consello da Xunta de 24 de maio de 2007. Unha superficie de 215.359 ha distribuídas en 428 unidades litorais e 13 prelitorais, correspondentes a 34 sectores costeiros que reflicte a diversidade de 7 Zonas costeiras (A Mariña lucense, as Rías Altas, o Golfo Ártabro, o Arco Bergantiñán, a Costa da Morte, as Rías Baixas e a Costa Sur).

Deste modo, como xa se explicou ao longo do documento, o ámbito cingúese a unha realidade física e non a un límite arbitrario no territorio como pode ser o dos 500 m desde a ribeira do mar. A **Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia** suspendía a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que tivesen por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra a dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionaban no anexo. Esta medida ten que entenderse como unha medida cautelar, así se levou a cabo noutras Comunidades Autónomas, para permitir unha estabilidade dos desenvolvementos urbanísticos en tanto en canto se redactaba o instrumento de protección do litoral. Queda claro que se trata dunha medida transitoria que non leva implícito ningún modelo territorial e que non responde á realidade do litoral de Galicia onde nestes 500 m atopamos cidades tan importantes como Coruña, Ferrol, Vigo e Pontevedra. Así, por exemplo, neste traballo detectáronse 167 Núcleos de identidade do litoral e na actualidade atópase ocupada por edificación o 3,11% da súa superficie.

**O POL propón, porén, unha ordenación do territorio costeiro que responde a límites físicos, comprendidos dentro do ámbito de xestión, o que supón un 7,27% da superficie de Galicia, fronte ao 2,73 % da lei de Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.**

### 3.2. APLICACIÓN

O POL non parte dun “taboleiro en branco”, senón dunha situación de preexistencia de asentamentos no litoral e de distintas ordenacións con distintas ordenacións e modelos, como vimos. Isto esixe da ordenación territorial unha reflexión sobre o mecanismo máis eficaz para implantar o novo Modelo territorial.

Na actualidade, e sobre a base da caracterización dos asentamentos que se realizou, podemos comprobar que existe un 12% dos asentamentos de carácter fundacional situados dentro dos 200 m e un 22% dentro dos 500.

Tamén observamos como nas últimas décadas apareceron, dentro do ámbito de xestión, aproximadamente un 6,87 % de novas agrupacións desligadas dos núcleos fundacionais (se incluímos tamén o agregado urbano litoral) no ámbito dos 200 m da ribeira do mar e que esta cifra se duplica cando analizamos a súa incidencia no ámbito dos 500 m. Porén, chama negativamente a atención que esta relación de harmónica convivencia coa costa se converte nunha perturbación cando analizamos que máis do 58% das construcións incluídas na Rede galega de espazos naturais protexidos son novas agrupacións. É dicir, que nos últimos anos a construción de asentamentos desligados dos núcleos fundacionais de forma dispersa no territorio está a premer estes ecosistemas de singular fragilidade e valor. De xeito análogo, ocorre con case o 80% dos asentamentos incluídos nos Espazos de interese de taxon.

Estes datos cuantitativos son o reflexo dunha paisaxe litoral que se amosa ante nós, nalgúns lugares da costa, de forma fragmentada, desordenada, sen calidade. Como unha xustaposición de usos e edificacións no territorio, impedindo en moitos casos unha lectura harmónica do miso, e aparecendo ante os nosos ollos como un caos inmerso nunha natureza de aínda extraordinaria beleza e funcionalidade.

Polo tanto, o POL debe ser un documento que ademais de preservar os espazos valiosos do litoral estableza o mecanismo para dirixir estes procesos, introducindo unha lóxica a escala territorial, unha lóxica fundamentada en formulacións ecolóxicas e paisaxísticas. Simplificando estas ideas, isto supón:

- Ampliar a responsabilidade con respecto á natureza e os seus sistemas.
- Establecer compromisos de calidade de cara ás xeracións futuras.
- Está fundamentado nun pensamento colectivo fronte ao usos individual.

En palabras do lexislador: “co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral **fundamentada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade**, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras”.

Neste sentido, establecer determinacións sobre todo o ámbito de xestión identificado, máis alá de liñas de 200 ou 500 m, amósase como o único mecanismo para conseguir unha xestión integral e eficaz das zonas costeiras. Entendendo xestión como a suma de accións que leva consigo a protección, ordenación e mellora dos espazos.

Esta situación de preexistencia tamén esixe dunha certa sensibilidade á hora de intervir sobre as contornas consolidadas. Trátase de xestionar as accións futuras e de executar ferramentas para reconducir os procesos actuais, pero sen deixar de lado a realidade existente. O contrario levaría consigo a unha imposibilidade de aplicación do plan, ou o que é peor, a ao seu rexeitamento social. Por ese motivo, sen prexuízo do establecido no seu réxime transitorio e até que a ordenación urbanística se adapte ao POL, non será de aplicación á parte do termo municipal non incluída dentro do seu ámbito nin aos terreos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor ou que adquiran esa clasificación en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión daquel. Tampouco o será naqueles solos que á entrada en vigor do POL teñan finalizado a tramitación do instrumento de xestión. O contrario ocasionaría unha grave inseguridade

xurídica. Ao mesmo tempo, hai que recoñecer que a ordenación territorial non pode nin debe descender a cuestións que están na óptica do urbano. **É dicir, non se aplicará até que a ordenación non se adapte aos criterios xerais do POL nos solos clasificados á súa entrada en vigor como urbanos consolidados e núcleos rurais.** Do mesmo xeito, non será de aplicación naqueles ámbitos que a ordenación clasifique como solo urbano consolidado ou núcleo rural, conforme á citada Lei 9/2002, no proceso de revisión, modificación, redacción o adaptación ao POL, agás aqueles núcleos que coincidan coas áreas de recualificación identificadas nas fichas de unidades de paisaxe, ou as que no seu caso determine a ordenación urbanística.

Esta denominada “xestión dinámica” do POL é a que realmente fará posible que de maneira gradual o planeamento vaia recollendo o Moldeo territorial proposto. Para isto é importante coñecer o Moldeo do POL expresado na súa normativa e as distintas series cartográficas, especialmente a de Moldeo territorial e usos e elementos para a valoración, posto que a serie cartográfica Modelo de xestión amosa só a situación vixente no momento de aprobación do POL. Non obstante son as outras series cartográficas mencionadas as que nos permitirán planificar o territorio con criterios de sostibilidade e perdurabilidade.


Polo tanto, o POL é un plan que contén unha serie de determinacións que necesitan da adaptación progresiva das ordenacións municipais no ámbito do litoral para que o Modelo territorial previsto se converta nunha realidade. O POL aspira a regular as necesidades do existente, pero tamén contén unha importante capacidade de proposta orientada a medio e longo prazo. Iso levará consigo que o Modelo desenvolvido desde a escala territorial necesita da posterior definición ou concreción desde a ordenación municipal, con base aos criterios que neste Plan se determinan e que están fundamentados na relación entre a sostibilidade do modelo territorial e urbanístico e a fragilidade do territorio sobre o que se implanta.

Porén, este traballo podería quedar baleiro de contido, sobre todo no relativo á protección dos espazos máis fráxiles e singulares, se non contivese unha regulación, unha normativa específica de usos para cada unha das Áreas de valor identificadas. Posto que a función primeira do POL é a protección e conservación dos recursos naturais do litoral, e posto que a consideración destes valores debe ser recoñecida por calquera instrumento de ordenación territorial e urbanística, xa que podemos consideralos unha condición propia dos solos, propónse un documento no que as grandes liñas da protección teñan eficacia desde o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Porén, como se indicou, aquelas determinacións ligadas á ordenación polo miúdo que necesitan da interpretación do planificador e que deban ser recollidas e incorporadas á ordenación urbanística son propostas ao momento no que a ordenación se adapte ao POL.

Trátase de promover un novo marco metodolóxico, de análise e normativo no que deben verse reflectidas o resto das políticas públicas con incidencia no territorio. Todo isto sen producir unha “perturbación” nas realidades de carácter “urbano” preexistentes na que a énfase debe estar posta no proxecto urbano, desde unha mirada máis próxima ao “cidadán e á cidade” (sexa esta unha contorna, metropolitana, urbana ou rural).






Ría de Arousa.



Desembocadura do río Umia.



Estructura fractal da zona intermareal da Ría de Ribadeo.



Mariña Lucense.

## 4. METODOLOXÍA E MODELO TERRITORIAL

Para a consecución dos obxectivos da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establécese un Modelo territorial fundamentado na seguinte estrutura, documentación e relacións.

### 4.1. ESTRUTURA

A costa en Galicia é un espazo suxeito a fortes dinámicas entre a superficie terrestre, a atmosfera e o mar. Poderíamos comparala a unha estrutura fractal, na medida da riqueza das súas diferentes escalas de percepción. Isto é debido, entre outros factores, a que a liña da costa é unha superficie complexa xerada pola erosión e a composición da rocha. Sen dúbida ningunha, Galicia e a súa costa son o maior expoñente desta diversidade no que collen infinitos universos.

Estas estruturas créanse a partir dun método iterativo. Este tipo de métodos son aqueles que se repiten aplicando a mesma regra sucesivamente ao resultado da anterior. Este é o principal motivo de que atopemos fractais na natureza de xeito tan abundante, xa que se da nos procesos xeolóxicos ou o crecemento de moitas estruturas biolóxicas, que empregan estas estruturas para o desenvolvemento da súa morfoloxía.

O que nos interesa deste concepto é que este litoral con multitude de entrantes e saíntes que forman no seu conxunto xeiformas con propiedades fractais esténdense polo territorio costeiro estruturando e condicionando distintos modelos de ocupación. Igual ocorre coas rías, elemento sen o que é imposible entender a costa de Galicia.

Fronte a esta realidade, moitas veces as normativas que se xeran son homoxéneas e simples, e cando estas determinacións se trasladan á natureza non atopan o seu acubillo. **A realidade é que a costa de Galicia, como vimos ao longo de todo o documento, é complexa e diversa, por iso para modelos complexos (estrutural e dinamicamente) cómpre aproximarse desde perspectivas sistémicas.** Así, ordenar esta realidade é comprendela.

Non se trata só de delimitar unha serie de elementos, senón de ter en conta as súas interconexións. **Polo tanto, poderíamos dicir que a lóxica da estrutura da modelaxe que presenta o POL é ante todo relacional e non, como estamos afeitos, unicamente zonal.**

Por este motivo, o POL establece unha estrutura composta por distintos elementos que superpoñen e complementan para poder recoller as particularidades de cada ámbito, configurando desta forma un plan feito á medida de Galicia. Un Modelo tan universal como os principios descritos no Título I da Memoria e tan específico como a realidade da costa de Galicia.

Deste modo, o modelo previsto polo POL configúrase:

#### A. A partir da identificación dunha serie de elementos

É importante indicar que se buscou en todo momento a denominación dos elementos da Modelaxe territorial de tal xeito que cumpran un duplo obxectivo:

- Por un lado, constituír ámbitos diferenciados do territorio de tal xeito que a súa definición sexa doadamente comprensible e identificable no lugar.
- Ao mesmo tempo, que esta especificidade de ámbitos facilite o seu adecuado réxime de usos, ao poder establecer tan só aqueles que lle son propios e compatibles sen que iso supoña un menoscabo dos seus valores xa sexan estes naturais ou antrópicos.

#### 1. Áreas do Plan de ordenación do territorio nas que se divide a totalidade do territorio do ámbito de aplicación do Plan de ordenación do territorio, composto por:

- a. Áreas continuas:
  1. Protección ambiental.
    - Protección intermareal.
    - Protección costeira.





Estructura fractal da zona intermareal da Ría de Ribadeo.

2. Mellora ambiental e paisaxística.
3. Ordenación litoral.
- b. Áreas discontinuas:
  1. Corredores.
  2. Espazos de interese.
  3. Rede de espazos naturais de Galicia.

**2. Asentamentos.** Caracterizados da seguinte forma:

- a. Asentamento de carácter fundacional.
  - Núcleos de identidade do litoral.
- b. Desenvolvemento periférico.
- c. Asentamento funcional.
- d. Agregado urbano.
- e. Nova agrupación.
  - Ámbitos de recualificación.

**3. Sistemas xerais territoriais**

B. Unha serie de relacións entre estes elementos que serve de base para o establecemento de criterios, principios e normas xerais

Desde o punto de vista da sostibilidade fíxanse criterios, principios e normas xerais que posibilitan a adecuación das ordenacións urbanísticas ao Modelo territorial do POL. É dicir, trátase de superpoñer estas capas de información (áreas continuas + áreas discontinuas) de tal xeito que da lectura do documento se poida, por acumulación e relación das determinacións de cada un dos espazos aplicados a un mesmo territorio, ter unha lectura fiel da globalidade de valores que conflúen nel sen por isto perder a posibilidade de identificar os seus elementos. Do mesmo xeito, e en relación á caracterización dos asentamentos, establécense os criterios para os seus desenvolvementos de tal maneira que se preserven os valores identificados.

C. Unha normativa de conservación, protección e valorización das zonas costeiras

Esta normativa regula os usos permitidos, compatibles e incompatibles en cada unha das áreas continuas e discontinuas do POL co obxecto de dar cumprimento ao mandato legal establecido na Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e no acordo do Consello da Xunta de 24 de maio de 2007 de fixar “a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras”. Co obxectivo de facilitar a coordinación administrativa, así como a aplicabilidade do Plan, recolléronse polo miúdo os usos recollidos na LOUG, así como aqueles outros indicados polos organismos sectoriais ou os que foron necesarios para a completa consecución dos obxectivos do Plan. Esta normativa é complementaria á recollida nas distintas ordenacións municipais co obxectivo de dotar de seguridade xurídica e ambiental ao documento e conseguir un tratamento homoxéneo do solo “vacante” no ámbito do litoral.

**4.2. DOCUMENTACIÓN**

Para a correcta comprensión do Plan, o POL contén documentación, intensa e extensa, de distinta natureza que facilita unha aproximación progresiva ao seu Modelo territorial.

Tal e como se expresou na Introducción desta Memoria, o POL contén os seguintes documentos:

- Unha **Memoria** dividida en Títulos e Capítulos que permiten debullar cada unha das variables e elementos que se tiveron en conta tanto na análise como na proposta. Esta Memoria contén en concreto:
  - A Normativa na que se sintetiza o Modelo do plan e a súa eficacia e aplicabilidade. Esta establece ademais unhas disposicións transitorias e un Anexo onde se explicitan os solos aptos para o desenvolvemento e o seu grao de compatibilidade co POL.
  - O **ISA** realizado conforme ás determinacións do Documento de referencia e á lexislación vixente.
- Diversas **series cartográficas** a E:1:20.000:
  - Ortofotografía- Voo americano- 1956-1957.
  - Ortofotografía- PNOA- 2007-2007.
  - Ordenación urbanística.
  - Ordenación sectorial.
  - Usos e elementos para a valoración.
  - Modelo territorial.
  - Modelo de xestión.
- **Fichas das unidades de paisaxe** conforme á caracterización recollida no Título II deste documento.

**4.3. INTERPRETACIÓN**

Un dos criterios á hora de establecer estes elementos foi o de facilitar ao mesmo tempo a comprensión e a lectura dos valores patrimoniais que os conforman desde o convencemento de que esta é a mellor maneira de dar a coñecer os obxectivos que persegue este Plan.

Así, a cartografía do POL deixa entrever os distintos usos do solo e elementos que se engloban dentro dos diferentes ámbitos. A súa consulta, xunto coas explicacións recollidas nos respectivos títulos e capítulos da Memoria, colabora coa súa comprensión.

Ademais, esta lectura xunto coas descrições dos distintos campos recollidos nas fichas das unidades de paisaxe, amósanos unha aproximación á realidade territorial e permítenos comprender a estrutura do Modelo territorial proposto.

Deste modo, a estrutura e as determinacións finais contidas na Normativa contextualízanse e deben interpretarse seguindo os criterios de:

- 1. Congruencia:** cos principios e obxectivos nel establecidos, así como coas determinacións da Memoria.
- 2. Caución:** no caso de que haxa varias interpretacións posibles, escollerase aquela que mellor salvagarde a defensa dos valores descritos no presente Plan para cada un dos elementos do Modelo territorial.
- 3. Precisión cartográfica:** na aplicación deste instrumento, ao aproximarse a unha escala menor, atenderase á cartografía máis precisa e actualizada agás contradición manifesta coa de escala superior.
- 4. Escala:** a escala deste Plan é a territorial e presenta dúas aproximacións, unha relativa aos elementos do Modelo territorial, expresados na cartografía de Modelo territorial, e outra relativa aos usos pormenorizados, expresados nas fichas das unidades de paisaxe, así como na cartografía de Usos e elementos para a valoración.
- 5. Complementariedade:** a cartografía de Usos e elementos para a valoración e a documentación contemplada nas fichas das unidades de paisaxe, completa e motiva a cartografía de Modelo territorial e, polo tanto, terá un carácter complementario, vinculante até a existencia dunha cartografía máis exacta, ao aproximarse a unha escala máis polo miúdo e precisión.

## 5. AS ÁREAS

Tívoise sempre como criterio o de establecer faixas continuas ou áreas suficientes, posto que na natureza non existen límites claros, incluíndo do mesmo modo as súas franxas de transición (bioclimáticas, físicas, etc.).

Amósase a seguir unha táboa na que se relacionan os usos do solo e os elementos para a valoración co obxectivo de colaborar ao entendemento dos criterios establecido para a delimitación das distintas áreas.

(X) Indican o % da superficie no que son exclusivos respecto ao seu propio elemento para a valoración (rede de espazos protexidos e conectividade, respectivamente)

MODELO TERRITORIAL POL			"PORCENTAXE DE SUPERFICIE POR ÁMBITO DE XESTIÓN POL"	ELEMENTOS PARA A VALORACIÓN																
				NATURAIS					CULTURAIS					PERCEPTIVOS			OUTROS			
				"REDE DE ESPAZOS PROTEXIDOS"	TAXON	EIX	ÁREA DE DINÁMICA LITORAL	ÁREA DE DINÁMICA LITORAL CONECTIVIDADE	BIC	PAT. ARQUEOLÓXICO	PAT. ETNOGRÁFICO	PAT. IND. MIL. E MAR.	FAROS (*)	NIL	ASENTAMENTOS	EIP	ENERXÍA DO RELEVO E EXPOSICIÓN VISUAL	PTOS. DE OBSERVACIÓN	200 m RIBEIRA DE MAR	500 m RIBEIRA DE MAR
ÁREAS CONTINUAS	Protección ambiental	Protección ambiental	4,70%	21,45%	11,65%	28,34%	23,49%	1,53%	0,00%	0,63%	0,71%	0,29%	0,00%	0,00%	0,01%	5,95%	0,00%	0,81%	20,45%	11,91%
		Protección costeira	16,96%	78,00%	81,83%	66,94%	66,84%	15,61%	16,67%	16,33%	3,97%	43,19%	64,37%	4,97%	4,22%	71,76%	21,38%	60,27%	48,09%	36,08%
	Mellora ambiental e paisaxística		24,15%	0,18%	3,05%	4,34%	5,74%	22,96%	17,17%	18,85%	31,95%	32,17%	3,45%	52,49%	36,10%	19,21%	17,22%	15,97%	20,85%	32,51%
	Ordenación litoral		54,20%	0,37%	3,46%	0,38%	3,93%	59,90%	66,16%	64,19%	63,38%	24,35%	12,64%	42,54%	59,67%	3,08%	61,40%	22,95%	10,61%	19,49%
(*) Un 19,77% dos faros atópanse situados no mar			100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
ÁREAS DESCONTINUAS	Corredor		9,87%	4,45%	3,00%	3,20%	13,38%	77,93%	1,01%	5,08%	3,73%	0,87%	0,00%	1,66%	1,19%	1,42%	4,37%	2,42%	15,81%	28,50%
	Espazos de interese		23,29%	36,65%	16,60%	28,94%	26,03%	3,86%	26,77%	27,58%	5,58%	18,84%	75,71%	8,84%	3,22%	37,25%	60,86%	49,53%	33,56%	45,40%
	Rede de espazos protexidos		14,66%	60,51%	21,80%	40,06%	50,78%	7,59%	6,57%	8,74%	2,50%	18,26%	55,71%	3,87%	2,31%	36,01%	14,84%	34,77%	70,59%	86,67%

DINÁMICA	SISTEMA PREDOMINANTE	TIPO	CARTOGRAFÍA DE USOS	TOTAL	ÁREAS CONTINUAS				ÁREAS DISCONTINUAS			
					PROTECCIÓN AMBIENTAL		MAP	ORDENACIÓN	RED DE ESPAZOS PROTEXIDOS	CORREDOR	EI	
					PI	PC						
USOS CARTOGRAFIADOS	Intermareal	1a	Chairas intermareais	3,77%	80,18%	0,03%	0,00%	0,00%	15,94%	0,61%	6,58%	
		1b	Marismas	0,96%	19,37%	0,29%	0,01%	0,00%	5,73%	1,30%	3,22%	
	Xeiformas	2a	Praias	0,67%	0,06%	3,91%	0,00%	0,00%	2,55%	0,67%	1,05%	
		2b	Dunas	0,99%	0,10%	5,82%	0,01%	0,00%	5,81%	0,85%	3,24%	
		2c	Lagoas e humedais costeiros	0,14%	0,01%	0,80%	0,02%	0,00%	0,74%	1,02%	0,42%	
		3	Cantís	1,95%	0,02%	11,48%	0,00%	0,00%	9,47%	0,19%	5,56%	
	Natural	Bioxénese (vegetación)	4a	Vexetación costeira (*)	8,74%	0,06%	30,08%	7,37%	3,43%	27,05%	2,80%	18,78%
			4b	Bosques autóctonos	0,22%	0,00%	0,19%	0,18%	0,26%	0,11%	1,23%	0,13%
			4c	Bosques de ribeira	1,23%	0,12%	1,94%	1,01%	1,20%	1,42%	10,44%	0,27%
			4d	Bosques mixtos	1,12%	0,00%	1,12%	0,83%	1,41%	0,39%	4,99%	0,44%
			4e	Bosques de recolonización	1,55%	0,01%	1,66%	2,01%	1,43%	0,88%	5,28%	0,42%
			5a	Outras formaciónss de carácter húmido	0,82%	0,00%	3,65%	0,22%	0,28%	3,13%	1,20%	2,37%
			5b	Matogueiras	7,28%	0,01%	2,96%	5,65%	10,00%	2,44%	5,01%	11,33%
	Antrópica	Agroforestal	6a	Cultivos e prados	20,55%	0,03%	10,58%	31,61%	20,53%	7,75%	28,78%	2,76%
			6b	Cultivos frutícolas e de viveiro	0,39%	0,00%	0,30%	0,57%	0,38%	0,29%	0,51%	0,04%
			6c	Viñedos	1,60%	0,00%	0,47%	1,87%	1,97%	0,44%	1,55%	0,17%
			6d	Cultivos baixo plástico	0,07%	0,00%	0,02%	0,09%	0,09%	0,02%	0,07%	0,00%
			6e	Forestal de repoboación	34,49%	0,02%	21,00%	31,49%	42,97%	13,70%	32,46%	40,87%
		Cultural	7	Outras formacións arbóreas	0,19%	0,00%	0,10%	0,24%	0,22%	0,02%	0,11%	0,04%
		Artificial	8a	Otras masas de auga	0,03%	0,00%	0,02%	0,10%	0,00%	0,01%	0,00%	0,00%
8b			Canteira	0,14%	0,00%	0,27%	0,15%	0,11%	0,26%	0,02%	0,29%	
Urbanizado		9	Artificial	13,08%	0,01%	3,32%	16,58%	15,71%	1,85%	0,91%	2,01%	





*Praia de Frouxeira*



## 5.1. ÁREAS CONTINUAS

Conteñen a zonificación na que se divide a totalidade da superficie do ámbito de aplicación do Plan de ordenación do territorio, conformándose tres grandes áreas: a área de Protección ambiental, a área de Mellora ambiental e paisaxística, e a Área de ordenación.

As áreas suxeitas a protección que se indican nesta epígrafe sono en atención ao seus valores específicos a escala territorial e desde o punto de vista dun documento como o POL. É dicir, desde a óptica dun plan territorial integrado no ámbito do litoral de Galicia. Isto significa que a ordenación municipal deberá valorar outras cuestións que tan só se poden e deben terse en consideración desde unha escala máis próxima á óptica do local. Polo tanto, a ordenación ademais destes ámbitos deberá, en coordinación co do POL e o resto das políticas de carácter territorial ou sectorial, establecer as clasificacións do seu termo municipal e determinar ademais destoutros ámbitos de entre os recollidos en áreas de Mellora ambiental e paisaxística e de ordenación litoral que deban ser merecedores dunha especial protección por conter algúns dos valores establecidos na lexislación ou considerarse inadecuados para o desenvolvemento urbano con criterios de sostibilidade e racionalidade.

### 5.1.1. Protección ambiental

Os seus valores son especialmente en atención aos seus compoñentes xeomorfolóxicos e biofísicos coa particularidade de que todas elas se corresponden con ambientes concretos litorais que podemos identificar con claridade. Trátase de escenarios nos que se aprecian hábitats diferentes. Estes valores deberían “aflorar” en calquera documento de avaliación ambiental dun plan ou programa de carácter territorial, sectorial ou municipal, con independencia de que existise o POL. É dicir, que aquí o POL simplemente fai visibles estes valores naturais, ambientais e científicos incorporando como obxectivo a súa conectividade coa intención de dotalos de funcionalidade ecolóxica.

Trátase de Áreas que, en atención ás súas características naturais singulares, así como aquelas relacionadas coas formas e procesos litorais, son merecedores dun especial tratamento. As categorías de protección que se integran nesta área agrúpanse, á súa vez, en **Protección intermareal e Protección costeira**.

#### *Protección intermareal*

Correspóndense coas áreas nas que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros xerando formas asociadas ás dinámicas fluvio-mariñas, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

Engloba os espazos de elevado valor natural ambiental que albergan as chairas intermareais, marismas altas e baixas.

Os obxectivos que aquí se perseguen consisten en preservar a funcionalidade destes ecosistemas profundamente vinculados coa dinámica fluvio-mariña ao mesmo tempo que a mellora da calidade das augas. É especialmente importante nestes ámbitos non soamente evitar a súa ocupación, senón mellorar a súa calidade (en concreto a calidade das súas augas), posto que supoñen hábitats excepcionais e sen lugar a dúbidas identitarias das zonas costeiras. Son ámbitos nos que as perturbacións de carácter antrópico poden alterar o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, provocando así a perda da súa biodiversidade.

#### *Protección costeira*

Cada unha das sete comarcas costeiras presenta un perfil ou conxunto de perfís que a fan diferente e é precisamente con base nestes ambientes conforme ao que podemos identificar en que lugar da costa de Galicia nos atopamos.

A súa diversidade, expresividade e beleza seguen a ser nos nosos días o mellor expoñente do litoral de Galicia, xa que na costa galega é doado de atopar todas as formas ou xeiformas inventariadas (cabos, enseadas, cantís, sistemas de praia-duna, lagoas litorais, etc.).

Correspóndese, polo tanto, coas áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación. Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental, así como paisaxístico por constituiren as xeiformas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo, inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas costeiras.

Para a súa delimitación atendeuse á incorporación da área contida dentro da liña de dinámica litoral. Tamén se incorporaron aqueles espazos incluídos dentro da Rede galega de espazos naturais próximos e en contacto coa costa.

Os obxectivos que guían esta categoría pasan por conseguir definir unha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar os seus valores característicos desde o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico. Isto, por unha parte, permítenos preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas ao mesmo tempo que lles proporciona conectividade. Dentro destes ámbitos, localízanse os areas costeiras. No Anexo correspondente deste traballo recolléronse por vez primeira e de forma homoxénea 863 areas coas súas distintas características.

### 5.1.2. Mellora ambiental e paisaxística

Atinxe o territorio comprendido entre a costa e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, comprendendo deste xeito a paisaxe litoral próxima á costa. Engloba as chairas, as vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado coa presenza do mar. Constitúe, na meirande parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de intensos procesos de ocupación edificatoria.

Estes son os ámbitos nos que se fai necesaria unha maior vontade por parte da sociedade para asumir os retos de contar cunha paisaxe litoral de calidade por tratarse, na maioría dos casos, dos lugares tras os que se situaron os asentamentos tradicionais e que experimentaron durante as últimas décadas fortes presións e ocupacións froito de procesos de crecemento e dispersión. A vocación desta categoría é permanecer libre de edificación, conformando deste xeito o que poderíamos denominar a paisaxe litoral.

Porén, as situacións idílicas non existen e a complexidade e diversidade do sistema de asentamentos, así como as transformacións recentes no territorio e os fenómenos de dispersión e difusión fan necesario que neste ámbito non só teñan cabida operacións de crecemento motivado e contido desde os asentamentos, senón outras de mellora dos ámbitos que, incompatibles cos criterios do POL, poidamos atopar nesta categoría.

Polo tanto, o seu obxectivo principal é o de preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural reivindicando esta fronte litoral como un elemento propio, un trazo distintivo, un recurso e un indicador da calidade de vida de Galicia. Pero tamén ten como obxectivo mellorar aquelas intervencións que non encaixan co modelo proposto no POL e necesitan de actuacións para colaborar a transformar estas escenas en paisaxes de calidade. Desta forma garántese a integridade da beira costeira como espazo público de valor e gozo social ao mesmo tempo que un desenvolvemento urbanístico sostible e integrado na paisaxe. Non en van nesta categoría podemos atopar case o 50% das edificacións identificadas como novas agrupacións, é dicir, dos asentamentos illados, desligados dos núcleos fundacionais, sen cohesión social, dos enclaves turísticos e de segunda residencia.

Sen dúbida ningunha, esta categoría supón como indicamos o maior reto para a sociedade de Galicia, da súa xestión dependerá o éxito deste documento, posto que se trata dun ámbito no que a administración local, autonómica e territorial teñen unha certa marxe de discrecionalidade na toma das súas decisións. Esta responsabilidade require o compromiso por facer cumprir as determinacións do presente documento guiándose en todo caso polos principios de congruencia e caución.

### 5.1.3. Ordenación

Atinxe as planicies costeiras e ladeiras ou montes de transición situados tras a fronte litoral nas que, na maioría das ocasións, podemos atopar asentamentos ligados visualmente ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

Como é lóxico, trátase de ámbitos nos que existe unha relación co litoral, posto que se atopan incluídos dentro das unidades litorais, porén, localízanse no que poderíamos denominar a segunda liña do modelo de organización do territorio ou, noutros casos, supoñen ámbitos de ladeiras entre pequenos vales.

O espírito de todo este documento fundaméntase en garantir o emprego racional dos recursos naturais co fin de promover un desenvolvemento urbanístico sostible e a súa integración na paisaxe.

Polo tanto, os criterios xenéricos aplicables a esta categoría parten do entendemento deste ámbito como un espazo de relación dos distintos asentamentos e usos coa súa contorna natural. No caso de que neles se localicen asentamentos, debe favorecerse o mantemento da trama existente, evitando tanto a dispersión como os procesos de unión de núcleos mediante continuos lineais ao redor das vías de comunicación.

Tamén se localizan nesta área a maioría dos asentamentos de entidade do litoral, as grandes cidades e os procesos máis intensos de ocupación difusa das súas periferias e contornas metropolitanas, así como a gran parte do agregado urbano do litoral.

Nestes ámbitos, a ordenación deberá enfrontarse co territorio desde o proxecto do baleiro, apoiándose nos elementos de carácter patrimonial (natural ou antrópico) con máis potencialidade de cara a reconstruír unha nova modelaxe de organización.

Todos estes mecanismos colaborarán a dotar ao territorio dun modelo máis comprensible, cohesionado e harmónico, ao mesmo tempo que contribúen á mellora da súa calidade ambiental e paisaxística.

## 5.2. ÁREAS DESCONTINUAS

Configúranse como áreas de carácter territorial que, en atención á súa especial fragilidade e valor, ou por serviren como elementos de conexión, desde o punto de vista natural como cultural, foron identificados como espazos que hai que preservar necesarios para o bo funcionamento do sistema. Superpóñense ás Áreas continuas e supoñen unha intensificación dos valores destas.

### 5.2.1. Corredores

Atópanse recollidos nesta categoría, entre outros, os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando como garantes da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental.

A protección de corredor segue o criterio de conectividade ecolóxico recollido na lexislación europea, estatal e autonómica sobre conservación da natureza e a protección da paisaxe. En particular, xa a Directiva Hábitats

(1992) recolle a conectividade ecolóxico e a promoción dos elementos lineais da paisaxe no seu artigo 10. Dela deriva a incorporación deste criterio á lexislación estatal e autonómica en materia de conservación da diversidade biolóxico.

Así, por exemplo, no artigo 2 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza establécese que a lei se inspira, entre outros, no seguinte principio: “A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética”.

Este criterio de busca da conectividade entre hábitats, que é máis manifesto ao redor das áreas de maior interese ecolóxico como son os espazos naturais protexidos, debe estenderse ao conxunto do territorio, especialmente cando a fragmentación da paisaxe, como sucede no ámbito litoral, pon en perigo a diversidade biolóxico.

A demanda territorial para o crecemento urbano provoca un proceso de alteración do hábitat natural e a paisaxe tradicional na que a mingua da súa superficie, o aumento do efecto beira e a subdivisión medran até chegaren ao punto no que se perde a súa funcionalidade ao quedaren os elementos illados uns doutros. Neste proceso de alteración da paisaxe danse dúas etapas; unha primeira na que a perda de hábitat e a súa deterioración son apreciables, pero non inciden de forma irreversible sobre o funcionamento da paisaxe e unha segunda etapa que comeza cando se excede o limiar de perda de hábitat que leva consigo o illamento dos hábitats residuais (EUROPARC-España, 2009).

Neste momento, no que comezan os problemas de fragmentación da paisaxe, xorde a necesidade de manter ou incrementar a conectividade entre os elementos remanentes. Así, mentres que a perda de hábitat é dificilmente solucionable polas demandas territoriais, a conectividade é máis accesible, na medida que unha solución eficaz non implica grandes demandas de superficie, senón continuidade e coherencia territorial.

Con estes fundamentos, no Plan de ordenación do territorio recóllense os corredores ecolóxicos como elementos da paisaxe de extensión variable, cuxa disposición e grao de conservación xeral revisten primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, xa que permiten a continuidade espacial de enclaves de singular relevancia para aquela, con independencia de que tales enclaves foran declarados protexidos ou non. Tamén son contemplados corredores culturais ou funcionais, coa mesma base territorial hidrolóxico que, de conformidade coa súa historia, tradición ou outras razóns análogas resalten os seus valores ambientais fundamentais.

Os corredores defínense sobre a aptitude do territorio para evitar esta fragmentación dos hábitats de maior interese e coa base territorial dos cursos de auga como elementos lineais que garantan non soamente a conectividade biolóxico, senón tamén os fluxos de auga, materiais e enerxía. O seu ámbito inclúe non unicamente os elementos da paisaxe de maior nivel evolutivo tales como bosques autóctonos, senón tamén aquelas formacións que ofrecen condicións favorables á permeabilidade do territorio para a vida silvestre e, en conxunto, incrementan a capacidade de resposta e, polo tanto, a resiliencia das poboacións, de especial interese no escenario actual de cambio climático.

Para a xeración dos corredores ecolóxicos e funcionais do POL, seguiuuse unha metodoloxía (descrita no Título II, Capítulo 3 desta Memoria) fundamentada na conectividade funcional da paisaxe, é dicir, na capacidade de dispersión de elementos singulares da biota e a súa resposta ás distintas configuracións da paisaxe, así como os distintos elementos que compoñen a matriz da paisaxe.

Posto que o POL é un documento de escala e alcance territorial, están representados como unha área de movemento, é dicir, como un ámbito que a ordenación urbanística deberá delimitar e motivar de forma máis precisa e maneira coordinada cos organismos con competencias nas materias que nela coinciden. Para esta delimitación



deberá terse presente a función ecolóxica, con elemento de conectividade e de reserva de solo que supoñen estes ámbitos, ademais de potenciar o seu uso como elementos capaces de dotaren ao territorio de maior lexibilidade. Esta cuestión última cobra aínda máis forza como ferramenta para a planificación nas contornas con procesos de ocupación difusa e no agregado urbano.

Do mesmo xeito, a ordenación municipal poderá establecer, no momento da súa revisión, outros corredores axeitados á escala e funcionalidade no municipio, co obxectivo de contribuír á mellora da conectividade ambiental e funcional, así como colaborar á consecución dunha infraestrutura verde.

Os obxectivos que se perseguen con esta categoría son os de dar continuidade ao resto de Áreas de protección recollidas contribuíndo a unha maior funcionalidade e diversidade dos ecosistemas e paisaxes, minimizando a fragmentación provocada por outros usos. Do mesmo xeito, a súa función é a de preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos e a de mellora da imaxe urbana ou rural. Os corredores colaboran, como se explicou, para evitar a fragmentación da paisaxe tomando como base territorial os cursos de auga. Como elementos lineais garanten non só a conectividade biolóxica, senón que son ao mesmo tempo fluxos de auga, materiais e enerxía.

Tras a formalización final destes ámbitos, conseguírase establecer unha rede verde a escala territorial que sirva de soporte para o coñecemento e valorización deste rico patrimonio facilitando a utilización destes espazos como corredores non só de vida, senón tamén de percorridos de conexión e interpretación do territorio e a paisaxe.

#### 5.2.2. Espazos de interese

Comprende aqueles espazos que, con independencia da súa situación nunha ou varias das áreas do Plan de ordenación do territorio, posúen unhas características singulares e homoxéneas que as fan merecedores dun especial recoñecemento.

Inclúense nesta categoría espazos que posúen unha xeomorfoloxía singular, conteñen taxons endémicos, vulnerables ou de distribución reducida ou inciden no imaxinario colectivo do litoral de Galicia.

No caso dos taxons endémicos ou dos espazos de interese xeomorfolóxico, a propia especificidade da materia fai que aínda téndose en consideración para a delimitación das áreas continuas, non poidan constituír en si mesmos unha diferenciada, posto que entón se perdería o obxectivo perseguido de identificar áreas continuas, paralelas á costa, de características homoxéneas desde o punto de vista natural e dos seus procesos.

Polo tanto, a decisión final foi superpoñer estas capas de información (áreas continuas + áreas discontinuas) de tal xeito que a lectura do documento se poida, por acumulación e relación das determinacións de cada uns dos espazos aplicados a un mesmo territorio, ter unha lectura fiel da globalidade de valores que conflúen nel sen por iso perder a posibilidade de identificar os seus elementos.

Polo tanto, co duplo obxectivo de preservar e favorecer o coñecemento dos valores naturais e culturais do litoral, recóllense na Cartografía os espazos de interese que aglutinan:

- Espazos de interese xeomorfolóxico.
- Espazos de interese de taxons.
- Espazos de interese paisaxístico.
- Espazos de enerxía do relevo e exposición visual.

A particularidade de cada un deles atópase recollida na cartografía de **Usos e elementos para a valoración**, así como nas fichas das unidades de paisaxe, atopándose identificados como Espazos de interese paisaxístico (EIP) e Espazos de interese xeomorfolóxico (EIX), Espazos de interese de taxons (EIT) e enerxía do relevo e exposición visual. A descrición de cada un destes elementos foi realizado no Capítulo 3 do Título II desta Memoria.

#### 5.2.3. Rede de espazos naturais de Galicia

No territorio coexisten varias metodoloxías e criterios froito de traballos elaborados para a consecución de obxectivos diferentes ao longo das últimas décadas. Tal e como indicamos, o POL xorde coa vontade non só de realizar unha xestión dinámica da realidade territorial, senón unha ordenación en materia de paisaxe. Os traballos que se realizaron para a caracterización da paisaxe, a cartografía de dinámicas e usos do solo, así como dos procesos e os asentamentos foron orixinais para este traballo aínda que para iso se empregasen diversas fontes documentais.

Tal e como se explicou, na súa gran maioría, os Espazos naturais protexidos próximos á costa foron incluídos dentro dalgunha das categorías de protección ambiental (intermareal e costeira).

Porén, este traballo non pode deixar de ter en conta outras regulacións de carácter internacional e autonómico en materia de protección de espazos naturais recollidos nas figuras establecidas na **Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da natureza**.

Para unha maior colaboración administrativa, ao mesmo tempo que para facilitar o coñecemento e a comprensión das características destes ámbitos, optouse por identificar de xeito diferenciado como unha área discontinua os integrantes da Rede galega de espazos naturais, de tal xeito que as determinacións da súa lexislación específica se superpoñen ás anteriormente descritas para as áreas do POL.

Polo tanto, esta área correspóndese cos ámbitos que conforman a Rede de espazos naturais conforme á Lei 9/2001 de Galicia, de 21 de agosto, de Conservación da natureza.



*Carnota-Monte Pindo. Costa da Morte.*

## 6. OS ASENTAMENTOS

Tal e como vimos nos capítulos precedentes, tipifícanse os distintos asentamentos en función da súa orixe, estrutura e calidade urbana ou cohesión social. A estes efectos distínguense:

- 1. Asentamentos de carácter fundacional:** recolle aqueles núcleos que, de carácter urbano ou rural, teñen unha orixe ou fundación antiga, ou aqueles cuxa trama responde a esa formación e evolución progresiva no tempo e o espazo.  
Dentro deste grupo, identifícanse os Núcleos de identidade do litoral como aqueles asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica na faixa costeira e a súa vinculación co mar lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico.
- 2. Desenvolvemento periférico:** recolle os crecementos contiguos aos núcleos anteriores froito da súa evolución.
- 3. Asentamento funcional:** recolle núcleos que responden a implantacións no territorio máis recentes que as de carácter tradicional e que, porén, pola súa natureza (áreas produtivas, empresariais, educativas e de servizos) ou polos lazos de relación entre as edificacións, a súa morfotipoloxía, así como as dotacións e servizos cos que contan se configuraron como asentamentos integrantes do modelo de organización de territorio.
- 4. Agregado urbano:** recolle os continuos urbanos difusos que se desenvolven ao longo da costa case sen interrupción. Son áreas carentes de estruturas definidas, na que os núcleos fundacionais e as áreas vacantes aparecen como os principais elementos de identidade e oportunidade.  
Diferéncianse os seguintes tramos: Vilagarcía–Cambados no Salnés, Portonovo-Pontevedra e Pontevedra-Bueu na ría de Pontevedra, Cangas-Moaña e Baiona-Vigo-Redondela na ría de Vigo, Ferrol-Pontedeume e A Coruña-Miño no Golfo Ártabro.
- 5. Nova agrupación:** recolle conxuntos de edificacións que responden a modernas implantacións no territorio diferentes das de carácter tradicional e que, porén, pola súa morfotipoloxía, os servizos e equipamentos dos que contan, a súa intensidade e relación entre as edificacións non constitúen un núcleo de poboación atendendo aos criterios de sostibilidade.
- 6. Ámbitos de recualificación:** recoñecidos basicamente como novas agrupacións, son aquelas áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, desconformes co modelo territorial proposto no presente Plan. Esta desconformidade responde, na maioría dos casos, á súa situación en espazos de valor e ao seu carácter illado. Son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia, senón toda a costa europea nas últimas décadas.

As consecuencias da súa implantación son a fragmentación de hábitats, a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral, así como a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión social.

A caracterización destes asentamentos, descritas nos títulos precedentes, é fundamental para a comprensión do Modelo territorial tal e como se deduce da táboa seguinte.

Nesta análise podemos observar como un dos procesos de ocupación máis cuestionado e debatido das últimas décadas en toda Europa, que se corresponde tal e como se indicou cos ámbitos recoñecidos como novas agrupacións e agregado urbano, é desenvolvido en espazos merecedores dunha atención especial. É dicir, nos ámbitos de Protección costeira ou de Mellora ambiental e paisaxística e, en ocasións, premendo zonas de especial interese. Chama poderosamente a atención a alta porcentaxe de ocupación das novas agrupacións, dentro da Rede de espazos naturais protexidos, sobre todo se as comparamos coas de carácter fundacional.

Nesta reflexión reside parte da estratexia que define o Modelo territorial do POL. O POL non se configura só como un instrumento de protección das zonas e ecosistemas costeiros, senón que tal e como se recoñece

MODELO TERRITORIAL POL			PORCENTAXE DE SUPERFICIE POR ÁMBITO DE XESTIÓN POL	TIPOLOXÍA DE ASENTAMIENTOS				
				ASENTAMENTO DE CARÁCTER FUNDACIONAL	DESENVOLVEMENTO PERIFÉRICO	ASENTAMENTO FUNCIONAL	AGREGADO URBANO	NOVA AGRUPACIÓN
ÁREAS CONTINUAS	Protección ambiental	Protección intermareal	4,70%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
		Protección costeira	16,96%	1,87%	1,69%	1,85%	3,38%	14,60%
	Mellora ambiental e paisaxística		24,15%	33,29%	33,50%	34,29%	31,03%	51,17%
	Ordenación litoral		54,20%	64,84%	64,80%	63,86%	65,58%	34,22%
			100%	100%	100%	100%	100%	100%
ÁREAS DESCONTINUAS	Corredor		9,87%	27,47%	11,44%	3,37%	28,36%	29,37%
	Espazos de interese		23,29%	35,78%	17,35%	1,61%	10,27%	34,99%
	Rede de espazos protexidos		14,66%	21,49%	11,21%	3,61%	5,66%	58,04%

nos tratados nacionais e internacionais a protección e a ordenación son dúas caras dunha mesma moeda. En definitiva, un uso racional do territorio esixe do establecemento dunha serie de criterios para o desenvolvemento urbano e rural fundamentado en principios de racionalidade e sostibilidade a escala territorial. Este é un dos obxectivos principais establecidos pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. Este é o contido dos criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística en cada unha das Áreas do modelo definidos na normativa.





Porto de Fisterra. Portos de Galicia.

## 7. OS SISTEMAS XERAIS TERRITORIAIS

Atópanse recollidos na cartografía e fichas do presente Plan os Sistemas xerais territoriais que comprenden as grandes infraestruturas significativas como elementos articuladores do territorio litoral. Dentro desta categoría, englobanse as seguintes infraestruturas:

- a. Portos estatais.
- b. Portos autonómicos.
- c. Aeroportos.
- d. Ferrocarrís.
- e. Estradas de titularidade estatal e a rede de estradas autonómicas, así como aquelas de carácter estruturante do territorio con independencia da súa titularidade.
- f. Instalacións de saneamento e depuración de carácter territorial, e infraestruturas de fornecemento de auga.
- g. Infraestruturas competencia do Estado.

O obxectivo que leva á singularización destes elementos é duplo, por unha banda, o recoñecemento da súa articulación desde políticas públicas sectoriais e, pola outra, a vontade dunha efectiva colaboración administrativa.

Aínda que como é lóxico os Sistemas xerais territoriais se rexerán pola súa lexislación específica, deberán adoptar como principio reitor da súa actuación o de colaboración interadministrativa. Así, na toma das súas decisións con respecto á súa planificación de carácter sectorial, deberán arbitrar os medios axeitados para incorporaren as determinacións establecidas no presente documento relativas á conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

Do mesmo xeito, cómpre incorporar desde esta colaboración administrativa criterios de integración das obras, instalacións e edificacións relacionadas con eles.

## 8. A XESTIÓN

A análise dos elementos constitutivos destas paisaxes, os seus valores e os seus procesos deu orixe a este Modelo territorial definido mediante diferentes elementos suxeitos a distintas regulacións que ten como obxectivo a xestión integral do territorio litoral.

Como vimos, as áreas continuas e discontinuas superpóñense indicando os ámbitos nos que coexisten distintos valores e sen perder de referencia as especificidades de cada un deles. Isto posibilita, por integración e acumulación das regulamentacións previstas para cada un deles, dar un tratamento máis cinguido á natureza de cada elemento e, ao mesmo tempo, achegarnos con maior fidelidade á realidade territorial existente.

Esta interrelación pode apreciarse na táboa adxunta:

MODELO TERRITORIAL POL		PORCENTAXE DE SUPERFICIE POR ÁMBITO DE XESTIÓN POL	ÁREAS DESCONTINUAS			
			CORREDOR	ESPAZOS DE INTERESE	REDE DE ESPAZOS PROTEXIDOS	
ÁREAS CONTINUAS	Protección ambiental	Protección intermareal	4,70%	1,53%	9,68%	21,45%
		Protección costeira	15,61%	15,61%	37,73%	78,00%
	Mellora ambiental e paisaxística		24,15%	22,96%	14,78%	0,18%
	Ordenación litoral		54,20%	59,90%	37,81%	0,37%
			100%	100%	100%	100%



Nesta táboa, podemos apreciar, como é lóxico, os corredores que atravesan as distintas áreas continuas do POL, ocupando máis superficie naqueles ámbitos de valores ambientais que aínda permanecen libres de edificación e conectando a costa co interior.

Do mesmo xeito, pode apreciarse como a maioría dos espazos recollidos na Rede de espazos naturais protexidos de Galicia se atopan localizados nos ámbitos de protección ambiental (intermareal e costeira).

Porén, e como é lóxico, os Espazos de interese (xeomorfolóxicos, paisaxísticos, de relevo e taxons) localízanse en calquera das áreas, xurdindo como unha oportunidade para mellorar e caracterizar espazos ocupados pola edificación.

Corredores e Espazos de interese convértense para a ordenación municipal en “espazos de oportunidade” necesarios para dar conectividade ao territorio, pero tamén lexibilidade. A preservación e valorización destes espazos é sen dúbida ningunha un dos “activos e atractivos” deste Plan. Son elementos de mellora da calidade ambiental, paisaxística e escénica da nosa costa.

Polo tanto, un mesmo territorio pode estar suxeito ás determinacións dun ou varios destes elementos en función das súas singularidades naturais ou antrópicas. Queda claro que calquera intervención que se desexe desenvolver nun lugar debe cumprir os requisitos establecidos para as áreas nas que se atope.

**É importante entender aquí que, tal e como se explicou, a política de protección, ordenación e xestión do territorio litoral ten que ver co entendemento e a complementariedade das normas de protección e os criterios de ordenación. Xuntos conforman o marco xurídico básico, establecendo así as “regras do xogo” dun desenvolvemento harmónico e sostible cos valores do litoral.**

Este marco xurídico básico verase completado polos **obxectivos de calidade paisaxística e as Directrices de paisaxe** que resulten tras o proceso de desenvolvemento e elaboración dos Catálogos da paisaxe.

Esta xestión, ademais cómpre que estableza, por unha banda, a súa relación coa ordenación vixente e, pola outra, un novo modelo e marco xurídico para a ordenación xeral e de desenvolvemento futuro.

## 8.1. RELACIÓN COA ORDENACIÓN VIXENTE

Conforme ao establecido no artigo 14.3 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia na Normativa recóllese un Título específico dedicado á relación do POL coa ordenación municipal vixente. Neste título, precísanse os puntos concretos nos que a ordenación municipal queda modificada, sen prexuízo da adaptación da ordenación municipal ao Plan de ordenación do territorio.

- É importante destacar que as **edificacións e usos legalmente implantados antes da entrada en vigor do presente** Plan poderán seguir desenvolvendo a súa actividade con independencia da súa conformidade con el. Será a ordenación urbanística a que estableza, mediante as ordenanzas correspondentes, os parámetros e condicións para a súa reforma, ampliación ou cambio de uso, no seu caso, coas especialidades establecidas para as áreas de recualificación.

É dicir, que o POL non supón o fóra de ordenación das edificacións existentes, tampouco a súa legalización, senón que a ordenación municipal conforme ao seu propio modelo e o establecido no POL para cada unha das áreas continuas e descontinuas anteriormente descritas será a que deba establecer os parámetros para a súa rehabilitación, renovación ou reforma, en cada caso.

Ademais, indícase unha especificidade en relación coas obras ou instalacións existentes en dominio público marítimo-terrestre e en servidume de protección á entrada en vigor da Lei de costas, as cales estarán ao que se establece na Disposición transitoria cuarta da citada Lei.

Por outro lado, reitérase que o Plan de ordenación do territorio **non será de aplicación ao solo que a ordenación clasifique como urbano consolidado e de núcleo rural**, agás naqueles núcleos rurais que coincidan coas áreas de recualificación identificados neste plan ou aquelas que, no seu caso, determine a ordenación urbanística, as cales deberán desenvolverse mediante un plan especial.

Tampouco será de aplicación en solo urbano non consolidado e urbanizable de planeamento adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en cuxo caso a adaptación será voluntaria.

- Porén, e como é lóxico, **si será de directa aplicación no solo rústico ou non urbanizable no que se superporá á ordenación urbanística aplicándose o máis restritivo dos réximes establecidos** en ambas as ordenacións ou a normativa sectorial.
- **Os ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado e urbanizable de planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002 de Galicia que non desenvolvesen ou que se atopen en tramitación sen rematar o correspondente instrumento de equidistribución, antes da súa entrada en vigor, caracterízanse en función do seu grao de compatibilidade con el** da seguinte maneira:
  - **Grao 1:** as súas determinacións son plenamente compatibles coas do presente plan e, polo tanto, poden desenvolverse sen prexuízo do establecido na lexislación ou na ordenación territorial e sectorial de aplicación.
  - **Grao 2:** as súas determinacións son adaptables coas do presente plan mediante a incorporación dos criterios e normas recollidos no Anexo á Normativa. O cumprimento destes criterios e normas verificaranse no seo do procedemento establecido no artigo da citada Normativa.
  - **Grao 3:** as súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar adiante axustes na súa delimitación ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou pormenorizada, para incorporar os principios do Plan de ordenación do territorio.
  - **Grao 4:** son aqueles solos aos que lles é aplicable o réxime urbanístico de solo urbanizable non delimitado que non teñan aprobado o correspondente plan de sectorización, e será en dito momento cando se verificará o cumprimento dos principios, criterios e normas xerais establecidos para os distintos elementos do Modelo Territorial do presente Plan.

O grao de compatibilidade destes solos exprésase no Anexo adxunto á Normativa.

## 8.2. NORMAS XERAIS PARA OS DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS

Con carácter xeral, enúncianse no Capítulo II do Título IV unha serie de criterios que se han de ter en conta á hora de planificar os desenvolvementos urbanísticos dentro do ámbito de aplicación do POL. Do mesmo xeito, identifícanse as Áreas e os tipos de asentamentos nos que ou desde os que son compatibles os desenvolvementos urbanísticos co modelo proposto.

Ante a diversidade da costa de Galicia, non é conveniente establecer una ríxida normativa, xa que esta non daría resposta á multitude de situacións que se dan, polo que se presentan unhas normas xerais de intervención, que

serán de aplicación de xeito xustificado para cada caso concreto, debéndose integrar na ordenación xeral ou de desenvolvemento que se vaian adaptando ao novo marco establecido por este documento.

O obxectivo é ademais alimentar unha nova cultura planificadora máis consciente da realidade territorial, capaz de xerar desenvolvementos máis harmónicos e eficientes. Estas normas poderíamos dicir que constitúen case un conxunto de **Boas Prácticas aplicables tanto aos solos pendentes de desenvolvemento existente como aos futuros.**

Estas normas ademais deben integrarse no seo dos criterios e principios xerais establecidos na Normativa para cada elemento do Modelo, de tal xeito que é a realidade territorial e o modelo proposto quen as matizan e concretan para cada caso.

Estas normas son aplicables á planificación dos novos desenvolvementos ao tratamento dos xa clasificados que comezasen ou non a súa tramitación se estes son compatibles coa modelaxe do POL (grao 2).

#### 8.2.1. CONTENCIÓN DA OCUPACIÓN DO SOLO

Tratarase o solo como un recurso fráxil e limitado polo que se planificará o seu uso racional. Para iso situaranse os espazos públicos sobre aquelas zonas que presentan as mellores calidades ambientais, co que se garante a protección dos seus valores desde a xestión pública, a accesibilidade e o uso social da costa, e polo outro lado, trata de minimizarse a ocupación do solo con edificacións e urbanizacións co obxectivo de alterar o menos posible o medio físico, con esta intención:

- Dando prioridade ao espazo público sobre o privado.
- Establecendo densidades e tipoloxías que optimicen o consumo de solo e garantan espazos libres de calidade.
- Integrando paisaxisticamente a urbanización.

#### 8.2.2. ADAPTACIÓN AO RELEVO (AXEITAR O CONSTRUÍDO AO NATURAL)

Procurarase que as novas construcións e infraestruturas se integren axeitadamente na contorna, evitando modificacións bruscas do medio natural. Neste sentido, coidarase especialmente de analizar as condicións topográficas do lugar, os cursos de auga (xa sexan permanentes ou estacionais) e a vexetación, concretamente:

- Evitarase a edificación en posicións dominantes sobre a costa.
- Minimizaranse os movementos de terra, alteracións dos leitos e cortas de arboredos de interese.
- Evitarase as pendentes con forte impacto visual, ecolóxico ou funcional.

#### 8.2.3. NATURALIZACIÓN DA URBANIZACIÓN

Empregarase na urbanización aquelas solucións construtivas que se integren mellor no medio natural. Tanto nas áreas de cesión pública como nas de carácter privado que se atopen en contornas rurais naturais, empregarase unha urbanización “lixreira” que en calquera caso sexa compatible cos valores naturais sinalados no POL. Neste senso, e a efectos da aplicación da Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, as áreas de cesión pública en ámbitos de protección ambiental e corredores ecolóxicos non terán a consideración de espazos públicos urbanizados, xa que primarán as necesidades de conservación dos valores naturais polo que nestes espazos as obras de urbanización serán mínimas, polo tanto:

- Salvagardarase as características naturais dos solos: composición, permeabilidade, substrato e vexetación.
- Evitarase a contaminación ambiental: atmosférica, luminosa e acústica.

#### 8.2.4. FOMENTO DA CONECTIVIDADE E PERMEABILIDADE

Os novos crecementos velarán por incrementar a permeabilidade do territorio, e primaran o emprego de medios de transporte alternativos ou públicos que favorezan un desenvolvemento sostible. Garantirase a accesibilidade e conectividade da faixa litoral:

- Ecolóxica.
- Funcional (transporte público fronte ao privado e mobilidade alternativa tanto peonil, como bicicleta...).
- Visual (tanto cara ao mar como cara aos fondos escénicos).

#### 8.2.5. ADECUACIÓN DOS ESPAZOS LIBRES

Procurarase favorecer a localización dos espazos libres e zonas verdes nas zonas próximas á faixa litoral posibilitando a súa obtención mediante a xestión urbanística, así como un uso público efectivo da faixa costeira. A consecución dun litoral como lugar de acceso e utilidade pública debe ser un obxectivo compartido por todos: Neste senso, a ordenación poderá destinar a sistema xeral e local de espazos libres calquera terreo con independencia da área do presente plan no que se atope. Porén e en calquera caso, o seu tratamento deberá ser acorde co carácter e natureza identificados. Polo tanto, axeitaranse os espazos libres a aquelas áreas con maiores valores ambientais:

- Ás áreas de protección ambiental.
- Aos espazos e elementos de interese como ámbitos de relación e conectividade.
- Potenciando os corredores e a súa conexión con outros espazos libres de interese.

#### 8.2.6. ADECUACIÓN MORFOTIPOPOLÓXICA

Optarase por tipos arquitectónicos e sistemas que teñan en consideración o carácter do medio no que se sitúan, incorporando as invariantes que o definen, buscando a integración respectuosa sen necesidade de recorrer a mimetismos, así mesmo:

- Estructurarase e rematarase as tramas existentes.
- Procurarase a compactidade e integración.
- Evitarase a formación de barreiras tanto visuais como funcionais.

#### 8.2.7. PROTECCIÓN DO CARÁCTER DOS NÚCLEOS DE IDENTIDADE LITORAL

A costa galega tradicionalmente foi obxecto de multitude de actividades e usos que, apoiándose na explotación racional dos recursos naturais, propiciou a aparición de asentamentos humanos. Os máis representativos de todos son os denominados no POL Núcleos de identidade litoral (NIL).

Os novos desenvolvementos urbanísticos na contorna dos Núcleos de identidade litoral, dada a súa especial singularidade, prestarán especial atención ás súas características e potenciarán os seus valores. Especificamente:

- A súa natureza e estrutura.
- A súa escala.
- A súa relación coa contorna, tanto natural como construída.

### 8.2.8. CONSECUCIÓN DE NODOS URBANOS

A excesiva presión edificatoria sobre a faixa costeira e en moitos casos a falta de instrumentos eficaces de control propiciou en numerosas áreas unha ocupación difusa carente de estrutura, identidade, calidade urbana e cohesión social. Os novos crecementos preséntanse como unha oportunidade de corrixiren estas carencias:

- Valoraranse as calidades identitarias do lugar.
- Recuperaranse os elementos patrimoniais existentes tanto naturais como construídos.
- Xeraranse espazos que propicien a cohesión social.
- Promoverase a complexidade funcional (novos usos, equipamentos e dotacións públicas e cohesión social).

#### 3.0.1. TRATAMENTO DA FACHADA MARÍTIMA

Entenderase por fachada marítima o conxunto de elementos naturais ou construídos que, expostos ao mar, ás marismas e lagoas interiores, configuran unha imaxe identitaria na paisaxe. Nestes casos, prestarase especial atención ás condicións morfolóxicas e volumétricas, á configuración do novo perfil e á súa articulación co fondo urbano ou rural, así como á xeración de espazos abertos e ao tratamento tanto das edificacións como da urbanización, co obxectivo de procurar a integración paisaxística das intervencións, evitando solucións desconformes co carácter do lugar, así como a formación de pantallas arquitectónicas, é dicir, a acumulación de volumes, sen solución de continuidade, que impida a relación co mar, así como o uso directamente asociado a el. Será obxectivo prioritario dos novos desenvolvementos urbanísticos a permeabilidade visual e funcional coa costa e o mar impedindo a formación de barreiras. Neste senso:

- Evitaranse as transformacións bruscas da súa natureza.
- Localizaranse cara á costa os espazos libres para procurar un uso e gozo da faixa litoral que garanta os seus valores naturais e paisaxísticos.
- Atenderase ás relacións de escala e acabado.
- Darase prioridade á permeabilidade visual e funcional.
- Procurarase un uso e gozo da faixa litoral que garanta os seus valores naturais e paisaxísticos.

#### 3.0.2. POSTA EN VALOR DOS FONDOS ESCÉNICOS

Na planificación dos novos desenvolvementos non só se terán en conta o mar e as áreas de valor natural situadas no interior do seu perímetro, senón tamén aqueloutros elementos naturais que resultan relevantes e que poden actuar como focos nodais na paisaxe resultante, que servirán para acentuar as calidades identitarias do lugar e favorecer a orientación. Deste modo:

- Atenderase aos ámbitos de interese natural próximos como elementos de referencia.
- Procurarase a vertebración transversal apoiándose, no seu caso, nos corredores.
- Teranse en conta as relacións entre o fondo natural e a figura construída.

## 9. CONCLUSIÓNS

Ao longo das últimas décadas e nun período moi curto de tempo, Galicia, e sobre todo o seu litoral, experimentou transformacións como nunca antes fora quen de facelo. Durante este período, a dispersión do espazo construído e, moi especialmente, a urbanización difusa provocou unha importante fragmentación territorial, ecolóxica e paisaxística. A ocupación do solo froito do crecemento urbanístico desorganizado, espacialmente incoherente, desordenado e desligado dos asentamentos urbanos tradicionais alterou, nalgúns casos de maneira intensa, a lóxica territorial de boa parte do litoral. Esta dispersión do espazo construído, xunto coa implantación de determinados equipamentos e infraestruturas pesadas, así como a xeneralización dunha arquitectura allea ao carácter do lugar –en especial nalgúns áreas turísticas– deu como resultado unhas paisaxes dominadas cada vez máis pola homoxeneización e a banalización.

Do mesmo modo, en ocasións, algúns crecementos, a pesar de implantarse en zonas sensibles do territorio, impoñíense a el alterando e transformando os valores naturais ou paisaxísticos que facían que ese espazo fose apreciado socialmente.

Noutras ocasións, non se trata xa tan só dunha alteración do patrimonio natural ou dunha perda da biodiversidade, senón que a isto temos que sumarlle a construción en enclaves illados sen elementos de cohesión social desligados dos seus núcleos fundacionais. Estes enclaves demandan servizos e aumentan a mobilidade colaborando así a un proceso globalizado de dispersión que se afasta dun uso racional do solo. Moitos problemas ambientais teñen a súa orixe no uso (algúns veces abuso) do solo, que conduce á amplificación dos efectos do cambio climático, á perda de biodiversidade e á contaminación das augas, os solos e o aire. Os efectos poden ser directos (por exemplo, destrución de hábitats ou paisaxes naturais) ou indirectos (por exemplo, o selado do solo e a deforestación, que aumentan os riscos de asolagamento).



**En todo o mundo parece entenderse cada vez con máis claridade que o territorio é un sistema tanto económico como natural e cultural; que o solo é un recurso escaso e non renovable; e que a paisaxe é un dereito e un recurso económico e patrimonial de primeira orde. Polo tanto, as transformacións producidas aínda que teñan unha escala local, colaboran sempre con outras de carácter global. Tan só é posible dirixir procesos como os descritos con anterioridade mediante a implantación dunha política conxunta comprometida de ordenación do territorio e da paisaxe.**

Precisamente por iso, os criterios xenéricos que se adoptaron establecéronse atendendo, entre outros, ao Convenio europeo da paisaxe e á Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. É dicir, todas as formas das paisaxes, naturais, rurais, urbanas e periurbanas, e tanto as emblemáticas como as ordinarias son merecedoras de recoñecemento, posto que todas concirnen aos compoñentes naturais ou culturais. Polo tanto, considérase que estes valores naturais e culturais están ligados á diversidade e calidade das paisaxes e supoñen un deber para as distintas administracións que deben traballar colectivamente na súa protección, planificación e xestión.

Deste xeito, todo o territorio recollido no ámbito de xestión é un territorio que conforma dun e doutro modo a paisaxe costeira de Galicia, xa que recolle os terreos e elementos con relación ambiental, funcional, urbanística ou visual coa costa. Por iso mesmo, todo o territorio está contido algún ámbito do POL e debe atender ás determinacións nel establecidas.

Mediante este réxime, podemos entender que o POL dá cumprimento á regulación específica para este instrumento que está contida na Lei 6/2007 de medidas urxentes de protección do litoral, que acaba de precisar o seu obxecto ou, en termos da **Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia**, a súa funcionalidade.





Valdoviño.



O Porto de Corme.

Esta funcionalidade vén, xa que logo, concretada pola Lei 6/2007 ao outorgarlle un duplo obxecto no seu artigo 2:

- Establecer “criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral...”
- Adoptar a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

E, da mesma maneira, dáse cumprimento ao mandato da **Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que establece no seu artigo 5 a necesidade de que:**

1. Os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.
2. Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanística, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas,

industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Confiamos en que a transversalidade deste traballo, no que se trata de maneira coordinada a ordenación do territorio e a paisaxe, colaborará a un maior coñecemento dos valores do territorio costeiro e a unha maior racionalidade das súas transformacións, o que redundará na mellora da calidade e funcionalidade do sistema territorial.

Do mesmo xeito, confiamos en que o proceso de participación institucional e pública sirva para chamar a atención sobre a necesidade dun cambio de modelo para o litoral, ao mesmo tempo que se contrasta a documentación e as análises realizadas. Todo isto co obxectivo de avanzar na consecución dun instrumento efectivo de protección, ordenación e xestión do litoral de Galicia.



